

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día 15 de marzo de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase concedera a licenza urbanística para construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural 28.2 Castelo-Cerracín-Cacabelos, parroquia de Mazoi (exp. 2021/Y001/000086).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para legalización de almacén agrícola na rúa dos Chaos, número 33 (2022/Y001/000031).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para construción dun almacén agrícola en Muxa de Abaixo (exp. 2021Y001/000057); para construción dun almacén agrícola para autoconsumo en San Pedro de romeán (exp. 2020/Y001/000297) e para modificado para agrupación e reforma de nave industrial sita na rúa da Industria, parcelas 94-3 e 94-4 do Polígono Industrial do Ceao (exp. 2022/Y001/000305).

Acórdase aprobar a resolución de alegacións da ordenanza da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades. (2022/T014/000001).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1028326330860341558.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-3-2023

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase o Plan de contratación pública do Concello de Lugo para o ano 2023.

Acórdase a adxudicación da concesión do uso privativo dos espazos necesarios na praza maior e na praza de santo domingo para a instalación de quioscos-latrina, exp. ref.: 2022-C005-000014.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo de plataformas aéreas de persoas do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C003/000014.

Acórdase o procedemento de licitación para a concesión demanial de postos de venda no mercado de Quiroga Ballesteros e na praza municipal do Concello de Lugo, exp. ref. 2023/C012/000001.

**3. FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo coa finalidade común de colaborar na pavimentación da rúa San Isidro Labrador.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase desestimar o recurso de reposición alegando error na liquidación do expediente 2021/Y001/000160.

Acórdase aprobar a liquidación provisional da regularización tributaria exp. denegación licenza para a ampliación de explotación gandeira de vacún en San Román, número 6, Santa Cristina de San Román.

Tamén se acorda aprobar a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para execución de muro de contención na rúa Campos Novos, número 56.

Acórdase así mesmo aprobar a regularización tributaria exp. denegación

licenza urbanística para parcelamento da parcela catastral número 228 do polígono 502 con referencia catastral 27900fF02002280000KY, formada por dúas parcelas urbanísticas, en Riazón, parroquia de Ombreiro.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para construción de muro de contención, execución de aparcadoiro privado e peche de parcela na rúa Viñado.

Acórdase aprobar a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para agregación e segregación das parcelas, sitas na avenida da Coruña, números 309-313, esquina rúa Ladra, números 2-6.

### ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

**5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.-** Acórdase o cambio de titularidade do posto número 7 da Praza de Abastos.

Tamén se acorda o axuste do horario de apertura e peche ao público no recinto no Cemiterio Municipal de San Froilán.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**